



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Galicia Como Destino Turístico		Código	662G01040
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Caamaño Franco, Iria	Correo electrónico	iria.caamano@udc.es	
Profesorado	Caamaño Franco, Iria Crecente Maseda, Mario	Correo electrónico	iria.caamano@udc.es mario.crecente@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende profundizar no coñecemento dos principais bens turísticos galegos en todos os ámbitos: natural, cultural e de servizos. A súa correcta clasificación, descrición, análise e estudo serán obxectivos fundamentais a alcanzar polo alumnado.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
		A8	B1
Coñecer os principais bens turísticos da comunidade galega	A18	B6	C6
	A27		C7
Recoñecer os principais estilos e tipoloxías artísticas e os exemplos máis singulares presentes no territorio de estudo	A8	B1	C1
	A18	B4	C2
	A23		C3
	A33		C6
			C7
			C8
Analizar as debilidades e potencialidades de Galicia como destino turístico	A8	B1	C1
	A18	B2	C4
	A23	B3	C7
	A25	B4	C8
	A27	B6	
	A28	B7	
	A33		
Estudar, a través dun contacto directo, a historia, xeografía e os principais xeodestinos turísticos da comunidade Galega	A8	B1	C1
	A13	B4	C2
	A18	B6	C6
	A23	B7	C7
	A25		C8
	A27		



Ser quen de explicar a unha audiencia os principais recursos turísticos de Galicia	A8 A13 A18	B1 B2 B3 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5
Saber deseñar un itinerario por Galicia que comprenda un número importante dos recursos estudados	A8 A18 A23 A27 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á materia.	1.1 Características xerais e breve historia de Galicia. 1.2 Características xeográficas de Galicia: situación, principais trazos físicos. Galicia na Península Ibérica.
2. Historia de Galicia	2.1. Principais feitos históricos
3. Principais recursos do patrimonio histórico-artístico galego.	3.1. Percorrido polos diferentes estilos artísticos. 3.2. Principais tipoloxías: Mosteiros, catedrais, igrexas, castelos, pazos e outros edificios civís relevantes. 3.2. Exemplos máis relevantes da escultura e pintura en Galicia
4. A gastronomía.	4.1 Os viños. 4.2 Principais aspectos da cociña e da viticultura de Galicia. 4.3 Festas gastronómicas.
5. Principais recursos do patrimonio inmaterial galego.	5.1 A lingua. 5.2. O Folclore. 5.3. Festas, lendas, crenzas. 5.4. Outro patrimonio etnográfico. Artesanía e oficios populares
6. O Camiño de Santiago.	6.1 Repaso á historia e tradicións xacobeas 6.2 O Camiño francés. 6.3 Outros tramos galegos dos Camiños de Santiago.
7. Elementos principais dos Museos e Centros de Interpretación de Galicia.	7.1. Principais museos e tipoloxías. 7.2. Centros de IP. 7.3. Outros equipamentos
8.a Paisaxe e áreas naturais no litoral. 8.b Paisaxe e áreas naturais de interior.	8.a.1 Rías, illas e praias, zonas húmidas e areas, acantilados. 8 b.1. As montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas (Serras setentrionais, Dorsal galega, Penechaira galega, Depresión de Ourense, A Limia. Val de Monterrei. Val de Arnoia. Terras do Carballiño. Val do Ribeiro. Valdeorras. O chanzo de Santiago. Fosa Padrón-Tui. As bacías do Tambre e o Ulla. Serras meridionais).



9. As cidades galegas como focos de atención turística.	9.1. A Coruña 9.2. Lugo. 9.3. Ourense. 9.4. Pontevedra. 9.5. Vigo. 9.6. Santiago. 9.8. Ferrol. 9.9. Outras localidades: Muros, Noia, Monforte, Ribadavia, Sanxenxo, Allariz, Viveiro, Carballo, ...
10. O "Top Ten" galego. Produtos. Xeodestinos.	10.1. Descrición e análise.
11. Rutas senlleiras.	11.1. Ruta da camelia. 11.2. Outros camiños. 11.3. Rede de rutas.
12. Espazos naturais.	12.1. Os espazos protexidos de Galicia. 12.2. A Rede Natura.
13. A Administración turística.	13.1. Competencias da administración do Estado e da Xunta en materia turística. 13.2. A Administración turística en Galicia. Órganos e funcións
14. Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.	14.1. Principais canais de promoción. 14.2. Principais canais de comercialización.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7 C3	24	50	74
Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	2	14	16
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	1	0	1
Sesión maxistral	A18 A23 A25 A27 A28 C4 C5 C6	12	45	57
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos, etc. do que haberá que entregar un documento recopilatorio con toda a información.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.



Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado poderá precisar atención personalizada na preparación das súas presentacións oráis e traballos tutelados.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7 C3	As saídas de campo son de carácter obrigatorio e requirirán preparación, documentación e entrega dun documento escrito por parte do alumnado, segundo as indicacións das profesoras que se presentarán no Moodle da materia.	20
Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	As presentacións centraranse en temas propostos polos docentes a partir dos contidos da materia. Poden facerse no aula ou in situ, durante as saídas de campo	20
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	Trátase dunha proba que pode combinar as preguntas tipo test e de resposta curta.	60

Observacións avaliación



As persoas que, por unha causa xustificada, non podan asistir o día indicado para a súa presentación oral terán que acordar coa profesora outra data. As saídas de campo, conferencias ou outras actividades poderán requirir a presentación dunha reseña que servirá como demostración da asistencia.

Todas as partes teñen que ser superadas ao menos nun 50% para poder facer o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa calificación obtida na parte suspensa, ata que se poda facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes.

As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na clase e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta.

Os anteriores criterios de avaliación aplicaranse tanto na primeira como na segunda oportunidade.

O alumnado que libere unha parte da materia mediante unha proba parcial, só terá validez para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto, nin en primeira nin en segunda oportunidade, a súa calificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos.

Está prohibido acceder ó aula na que se desenvollen as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/u almacenamento de información.

Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia seguirán o mesmo sistema que o alumnado presencial, pero deberán realizar dous traballos propostos pola profesora (en lugar de un). Ademais, deberá porse en contacto con ela para realizar ao menos dúas titorías on line ao longo do cuadrimestre.

O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera delas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou aprobe a parte que falte para poder facer o cómputo final. Pódese dar o caso de que unha persoa suspenda algunha das partes, pero que a suma co resto dea aprobado. Nese caso a nota será un suspenso (o suspenso máis alto das que aparezan suspensas), pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%. Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - BAS, B. (1983). As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos. Edicións do Castro, Sada (A Coruña) - CEGARRA, B. (1992). Guía da arte de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo (agora publicado por provincias) - CEGARRA, B. (1992). Guía e rutas da arte. Épocas e estilos. Ed. Galaxia, Vigo - CALO LOURIDO et al (2005). Historia Xeral de Galicia. A Nosa Terra, Vigo, - CRIADO BOADO, F. (ed.) (2016). Atlas de Arqueoloxía de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - GIL, F.J. (2002). 50 rutas para conocer Galicia. Nigra Trea, Vigo - HERNÁNDEZ BORGE, J., DÍAZ FERNÁNDEZ, J.A (2000). O turismo en Galicia Potencialidades endóxenas e desenvolvemento urbano e económico. Servicio de publicacións Dip. de Ponteved - LOIS GONZÁLEZ, R e FORMIGO COUCEIRO, J. (2003). Galicia. Ed Everest, León - LOIS, R.C. e PINO, D. (Coords.) (2015). A Galicia urbana. Eds. Xerais, Vigo - LÓPEZ BERNÁNDEZ, C (2005). Breve historia da arte galega. Ed. Nigratreia, Vigo - LÓPEZ CARREIRA; A. (2013). Historia de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - MARIÑO FERRO, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia. Edicións Xerais, Vigo - OTERO PEDRAYO, R. (1980). Guía de Galicia. Ed. Galaxia - PEMÓN, B. e DORNELO, X. (2000). Mitos, ritos y leyendas de Galicia. Martínez Roca, Barcelona - PRECEDO LEDO et al. (2002). Atlas de Galicia. Hércules de Ediciones, A Coruña - PRECEDO LEDO et al. (2001). Atlas de Galicia. Xunta de Galicia. Sociedade para o desenvolvemento Comarcal de Galicia, Santiago - SORALUCE BLOND, J.R. (1999). Guía da arquitectura galega. Ed. Galaxia, Vigo - VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Ed Galaxia, Vigo - VV. AA. (2002). Guía de espacios naturales. Galicia.. Ed El País-Aguilar, Madrid <p>Intranse engandido referencias bibliográficas máis concretas ao longo da materia</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Atención á diversidade: a materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo. Perspectiva de Xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías